



ORNADAS DE FRAUTA DE GALICIA

DOSSIER DE PRENSA

1. Introducción

As **II Xornadas de Frauta de Galicia**, que se celebrarán en **Santiago de Compostela entre os días 6 e 13 de xullo**, están pensadas para frautistas de todas as idades e niveis, porque cremos profundamente que **a música é unha ponte que conecta a todo o mundo**, independentemente da experiencia ou a idade. Desde quen está empezando a explorar o seu instrumento, ata os músicos máis experimentados, seguimos fieis á filosofía que nos guiou desde o principio: todos aprendemos de todos.

Esta iniciativa, que recolle a testemuña das **Xornadas** do ano pasado **non é só un curso de frauta, senón unha experiencia única de encontro entre frautistas en Galicia, coa participación de referentes internacionais** neste eido, que ofrecerán a súa visión e coñecemento a todos os niveis. O **evento** estará cheo de **actividades variadas**: concurso, clases e masterclasses, obradoiros prácticos, concertos, coloquios, exposicións e moito máis.





2. Que son as Xornadas de Frauta de Galicia?

Trátase dun **proxecto liderado por un grupo de instrumentistas nados en Galicia**, e que iniciaron a súa formación musical na Comunidade Autónoma, que **toman Santiago de Compostela como referente para este encontro de frautistas de distintos países**. Ademais, a cita serve tamén para que aqueles artistas que xa están a traballar noutras formacións no estranxeiro, regresen á terra na que iniciaron a súa andaina profesional para impartir masterclasses, participar en ensembles de frautas e protagonizar singulares concertos en localizacións estratéxicas da capital galega, nunha actividade que mestura a musicalidade e a docencia.

O programa divídese en **cinco seccións principais**:

- **Concurso de frauta:** O certame pretende poñer en valor as novas promesas –de ata 18 anos– da frauta a nivel nacional e internacional. A iniciativa, que conta cunha trintena de participantes procedentes de distintos puntos da Península Ibérica, celebrarase entre os días 6 e 7 de xullo. Os integrantes do xurado son Iago Lariño, Jimena Vicente, Saleta Suárez, Julia Estévez, Silvia Padín e César Concheiro, todos eles profesionais de referencia no sector. A final do concurso será aberta ao público e realizarase a tarde do 7 de xullo no Auditorio de Galicia a partires das 15.00 horas.



JORNADAS DE FRAUTA DE GALICIA

- **Cursos:** o programa inclúe **tres cursos por niveis**, que terán lugar na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia (EAEM) entre os días 8 e 13 de xullo. Centraranse nas **Mañás Fautísticas**, destinadas a alumnos principiantes o nos seus primeiros cursos de formación, e o **Curso de Pedagogía da Frauta** (con Paula Padín), cun **formato novidoso e pioneiro en España** e dirixido ós mestres de frauta ou futuros profesores que queiran ampliar a súa formación. Pola súa banda, o **Curso de Interpretación** (a cargo de André Cebrián e Diego Aceña), destínase a alumnado avanzado.



- **Masterclasses:** un dos principais atractivos das II Xornadas de Frauta de Galicia son as masterclasses. Nelas **participarán máis de medio cento de alumnos e alumnas de diferentes idades cun rango entre 6 e 66 anos**. As **masterclasses** están **impartidas por unha decena de instrumentistas**, que traballan en formacións musicais de prestixio internacional **chegados de países como Alemania, Italia, Francia, Venezuela ou Estados Unidos**. Estes son Ruth Pereira, Erika Macalli, Silvia Rozas, Christina Castellanos, Néstor Sutil, Claudia Walker, Joan Ibáñez, Laurent Blaiteau, Luis Soto, Iago Lariño, Carmen Ferreiro e Xavier Lozano.



JORNADAS DE FRAUTA DE GALICIA



- **Concertos:** no seu afán de **achegar ao público a música clásica en xeral, e este instrumento en particular**, as II Xornadas de Frauta ofrecerán **unha semana chea de concertos en diferentes localizacións estratéxicas da capital galega**. A primeira das citas, de entrada de balde, terá lugar no **Auditorio de Galicia** o luns 7 de xullo ás 20.00 horas coa participación de Ruth Pereira, Erika Macalli.

Os días 8, 9 e 10 de xullo, o lugar escollido será o Hotel **AC Palacio del Carmen**, onde se poderá gozar de diferentes concertos. O día 8 con Silvia Rozas e os gañadores do concurso; o día 9 con Christina Castellanos e Laurent Blaiteau e o día 10 cun concerto de música de cámara a cargo de Néstor Sutil, Diego Aceña, André Cebrián, Bleuenn Le Friec, Susy Riminucci e Esteban Domínguez.

Continuarán as actuacións o venres 11 de xullo no **Hostal dos Reis Católicos** con Xavier Lozano, Claudia Walker e Joan Ibáñez. O sábado 12 na **Capela das Ánimas** celebrarase o seguinte concerto de cámara, onde actuarán Luis Soto, Nikolay Velikov, Ioana Ciobotaru e Álvaro Quintanilla. O programa rematará o domingo, **día 13 co concerto de clausura** que terá lugar no **Hostal dos Reis Católicos** con André Cebrián, Diego Aceña e Paula Padín. O prezo das entradas para os concertos é de 10 euros e pódense adquirir a través da web das xornadas ou en taquilla media hora antes da actuación.





II JORNADAS DE FLAUTA DE GALICIA

CONCIERTOS

DEL 7 AL 13 DE JULIO – SANTIAGO DE COMPOSTELA

7 de julio (entrada gratuita)

De Berlín a Santiago: sonidos que viajan

Ruth Pereira y Erika Macalli

Esteban Domínguez (piano)

Auditorio de Galicia 20:00

8 de julio

De Promesas a Referentes: trayectorias que inspiran

Silvia Rozas y Ganadores del Concurso

Esteban Domínguez (piano)

Palacio del Carmen 20:30

9 de julio

De Bach al Caribe

Christina Castellanos & Laurent Blaiteau

Esteban Domínguez (piano)

Palacio del Carmen 20:30

10 de julio

La Sonata para flauta, viola y arpa de Debussy

Diego Aceña, Néstor Sutil, André Cebrián

Susy Riminucci (viola), Bleuenn Le Friec (arpa) y

Esteban Domínguez (piano)

Palacio del Carmen 20:30

11 de julio

Xavier Lozano y los flautistas de la Orquesta Sinfónica de Galicia

Claudia Walker, Joan Ibáñez y

Xavier Lozano

Gabriel López (piano)

Hostal dos Reis Católicos 20:30

12 de julio

Haydn en Guláns

Luis Soto

Nikolay Velikov (violín), Ioana Ciobotaru (viola) y

Álvaro Quintanilla (violonchelo)

Capela das Ánimas 20:30

13 de julio

Concierto de Clausura

André Cebrián, Diego Aceña y

Paula Padín

Esteban Domínguez (piano)

Hostal dos Reis Católicos 20:30



Entradas 10€ — desde 30 minutos antes en el lugar del concierto o en:

www.frautagalicia.com



ORNADAS DE FRAUTA DE GALICIA


- **Charlas e exposicións:** de xeito complementario, ofreceranse outras propostas como varios **ensembles de frautas e charlas**, e ata un **obradoiro de reparación de frautas**. Desde a organización facilitouse tamén un espazo para **mercadiño de frautas de segunda man**, de xeito que durante as II Xornadas de Frauta de Galicia poderán ser probadas polas posibles persoas interesadas.



JORNADAS DE FRAUTA DE GALICIA

3. Colaboradores

Nesta segunda edición, as **Xornadas de Frauta de Galicia** contan con **numerosos colaboradores tanto públicos como privados**. Entre eles, atópanse o Concello de Santiago, Consorcio de Santiago, Universidade de Santiago, Federación de Bandas de Música de Galicia, Asociación de Flautistas de España, Consulado de España en Edimburgo, Banda Municipal da Coruña e Orquestra GAOS. Tamén colaboraron no desenvolvemento das xornadas o Hotel AC Palacio del Carmen. Hostal dos Reis Católicos e a Escola de Música Berenguela, así como os establecementos Musical Pontevedra, Ópera Prima, Piccolo Music Store, Naima Music e Pere Alcón Flutes.





ORNADAS DE FRAUTA DE GALICIA

4. Contacto e máis información

Fernando Franjo:

frautagalicia.comunicacion@gmail.com

Teléfono: 606 307 561

Web:

<https://www.frautagalicia.com/>

Instagram:

[@frautagalicia](https://www.instagram.com/frautagalicia)